

JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que o Instituto Enerxético de Galicia convoca axudas para a rehabilitación dos ocos acristalados da fachada tanto no referente ao acristalamento como aos marcos ou perfís, (Plan Renove de Fiestras).

A contía da axuda ascenderá a un máximo de 100€/m² cuns límites de 5.000€/vivenda unifamiliar e 100.000€ no caso de edificios do sector terciario.

Para ser beneficiario/a da subvención, a solicitude deberá ser tramitada a través dalgunha das entidades colaboradoras adheridas a esta iniciativa.

O Plan Renove de Fiestras estará en vigor ata o 29/10/2011 ou ata esgotar os fondos previstos.

Pódese acadar máis información no D.O.G. do 8/11/2010 (Instituto Enerxético de Galicia, Resolución do 27/10/2010).

Outeiro de Rei, 17 de novembro de 2010

O alcalde,